

# Illas como estrofas

## Desde o cristal máxico

ESTRO MONTAÑA

É xa tradición de FARO DE VIGO contar con fotógrafos que, a través de libros, retratan o vivir cotián da cidade ou os sonhos das xentes que se despregan por romarías, camiños ledos ou carreiros onde o corazón latexa con angustia.

Ricardo Grobas incorpórase a esa tradición con *Illas Atlánticas, Parque Nacional Marítimo Terrestre*. Escoltado pola súa cámara, transpórtanos ata un arquipélago onde o espírito repousa dos sobresaltos da vida. Nese *locus amoenus* están os xardíns submarinos, a escumosa música das praias solitarias, o sólido perfil dos faros que veneran os lobos de mar. As súas fotografías cantan a serea luz das Cíes, celebran a beleza salvaxe do Buraco do Inferno en Ons, e nelas resplandece a verdade do home que habitou contra vento e marea en Sálvora, e dos que defenderon da especulación inmobiliaria a Cortegada porque querían seguir gozando de limpas auroras no bosque sagrado fronte a Carril.

Aquí cada illa vén ser como a estrofa dun poema poboado de gaivotas e de cormoráns, de memorias secretas e traballos de ferro preto dun cantil coroadado por unha cruz. Desde o aeroplano, perdido nun penedo salitroso ou baixo o azul do mar, Grobas, co cristal máxico da cámara, sabe certificar a presenza dun río de días e noites en permanente cambio, ao que a súa subxectividade, pródiga de cores, engade o luminoso alento que satisface a nosa curiosidade.

*GROBAS, Ricardo, Illas Atlánticas de Galicia, Parque Nacional Marítimo Terrestre, (textos Edurne Baines), Ed. Belagua, Vigo, 2013, PVP.41, 50 €*

